

## 12 biblioteca universitaria

A Biblioteca Universitaria rematou o proceso de avaliación en xuño de 2006 coa emisión do Informe final de avaliación que acompaña o Plano de melloras. Algunhas das accións de mellora previstas neste plano son de carácter institucional, como a definición do modelo de organización e xestión, a reforma do Regulamento da Biblioteca, o organigrama e a definición clara de competencias e responsabilidades ou a cobertura das xefaturas de sección vacantes. Doutra parte, propónense melloras asociadas aos procesos e á xestión dos servizos bibliotecarios, á difusión dos recursos, ou a consolidar o repositorio institucional UDCDspace, que ampliou a tipoloxía dos seus contidos coa incorporación das teses da UDC.

- Canto á automatización dos procesos e servizos, activáronse neste ano os módulos do novo programa de xestión bibliotecaria Innopac-Millennium (catalogación, circulación, consultas web-opac e seriadas), xunto coas novas adquisicións que se incorporan cada mes nas bibliotecas.
- En xaneiro aprobouse no Consello de Goberno a proposta da vicerreitora de Investigación de adhesión institucional á Declaración de Berlín sobre o acceso aberto ao coñecemento das ciencias e das humanidades, por iniciativa da Comisión da Biblioteca Universitaria. En decembro esta comisión aprobou, ademais dos criterios de reparto do orzamento e do Programa xeral de expurgo, darlle coñecemento á comunidade universitaria dos acordos das súas sesións e dos documentos que se fosen aprobando.
- No mes de novembro comezou, baixo a dirección e coordinación de Bugalicia, o proxecto de implantación de Metalib-SFX, portal de acceso e metabuscador para os recursos electrónicos consorciados e para os propios de cada universidade. O custo deste proxecto corre a cargo dunha achega extraordinaria da Dirección Xeral de I+D+i.
- Continúa a colaboración bibliotecaria no proxecto Dialnet, co que a UDC ten asinado un convenio, que axuda a aumentar a visibilidade da actividade investigadora e académica.

## ► Orzamento

Nos orzamentos de 2006 para investimentos en fondos bibliográficos, recóllese un total de 1.967.000 € para a Biblioteca Universitaria:

**Cadro 122  
Orzamento de 2006 para a Biblioteca Universitaria**

Centralizado	10.000
Subscricións a revistas (UDC e Bugalicia)	675.000
Departamentos	450.000
Bibliotecas dos centros	812.250
Préstamo interbibliotecario	20.000
<b>Total investimentos en fondos bibliográficos</b>	<b>1.967.000</b>

O gasto previsto para subscricións de revistas no 2006 foi de 1.147.059 €. A diferenza procede do orzamento do ano anterior. En total, 629.670 € para o concurso de publicacións periódicas da UDC e 517.389 € para se transferir ao Consorcio Bugalicia, a través do convenio-revistas, para a cofinanciación conxunta, entre as universidades galegas e a Xunta de Galicia, dos recursos comúns. No capítulo VII (transferencias de capital), establecérese a achega a Bugalicia de 103.620 €.

**Cadro 123  
Evolución dos indicadores da Biblioteca Universitaria**

INDICADORES DA BIBLIOTECA UNIVERSITARIA	ANO 2005	ANO 2006
Metro cadrado por usuario	0,46	<b>0,49</b>
Estudiantes por posto de lectura	6,7	<b>7</b>
Incremento de monografías por usuario	1,3	<b>1,1</b>
Revistas en papel por investigador	2,1	<b>2,1</b>
Monografías electrónicas por usuario	0,004	<b>1,1</b>
Revistas electrónicas por investigador	6,3	<b>11,6</b>
Visitas por usuario	87	<b>87</b>
Préstamos por usuario	8,7	<b>13,8</b>
Consultas a bases de datos por investigador	110	<b>120</b>
Consultas a artigos electrónicos por investigador	37	<b>40</b>
Visitas á web por usuario	8	<b>19</b>
Consultas ao catálogo por usuario	n/d	<b>51</b>
Préstamo interbibliotecario por investigador	1,6	<b>2,1</b>
Usuarios por persoal de biblioteca	288	<b>282</b>
Gasto en adquisicións por usuario	95	<b>96</b>
Gasto en revistas por investigador	625	<b>575</b>
Gasto en monografías sobre o total	43%	<b>42%</b>
Gasto en recursos electrónicos sobre o total	25%	<b>25%</b>

**Cadro 124**  
**Datos da Biblioteca Universitaria en 2006**

		<b>DATOS ANUAIS DA BIBLIOTECA UNIVERSITARIA</b>	<b>ANO 2005</b>	<b>ANO 2006</b>
<b>Usuarios</b>		Total usuarios potenciais	27.935	<b>26.803</b>
		Estudantes de 1.º e 2.º ciclo	22.635	<b>21.759</b>
		Estudantes títulos propios e outros	2.390	<b>2.075</b>
		Estudantes de 3.º ciclo	778	<b>822</b>
		Profesores	1.363	<b>1.388</b>
		PAS	769	<b>759</b>
		Usuarios externos	-	<b>676</b>
<b>Personal bibliotecario</b>		Técnicos A, B	55	<b>51</b>
		Aux. técnicos C	42	<b>44</b>
		Total	97	<b>95</b>
<b>Estrutura organizativa</b>		Puntos de servizo	17	<b>17</b>
<b>Investimento en recursos de información</b>		Monografías	1.156.089	<b>1.090.217</b>
		Revistas	1.339.083	<b>1.270.147</b>
		Bases de datos	154.136	<b>157.178</b>
		Outros materiais	17.861	<b>55.727</b>
		Total	2.667.169	<b>2.579.376</b>
		Investido en recursos electrónicos	660.664	<b>639.820</b>
<b>Espazos e instalacións</b>		Superficie en m <sup>2</sup>	12.820	<b>13.170</b>
		Postos de lectura	3.464	<b>3.477</b>
		Libre acceso (m/l)	17.126	<b>16.805</b>
		Depósitos (m/l)	5.205	<b>6.165</b>
		Total de estantes (m/l)	22.331	<b>22.920</b>
		Ordenadores de uso público	82	<b>84</b>
		Lectores e reproductores	90	<b>83</b>
<b>Coleccións bibliográficas</b>		Monografías (volumes)	612.017	<b>632.013</b>
		Publicacións periódicas en papel	7.316	<b>7.596</b>
<b>Material non librario</b>		Mapas	4.861	<b>4.909</b>
		Fotografías e diapositivas	9.903	<b>9.903</b>
		Microformas	25.125	<b>25.295</b>
		Rexistros sonoros	645	<b>759</b>
		Vídeos e DVD	5.194	<b>7.380</b>
		Unidades de cd-rom	6.618	<b>8.341</b>
<b>Recursos electrónicos</b>		Libros	108	<b>30.000</b>
		Bases de datos	92	<b>105</b>
		Revistas electrónicas	13.641	<b>25.665</b>
<b>Informatización</b>		Fondos informatizados- exemplares	626.401	<b>668.309</b>
		Documentos catalogados por ano	33.722	<b>38.908</b>
<b>Adquisicións anuais</b>		Monografías	37.124	<b>30.198</b>
		Revistas en curso (papel)	4.603	<b>4.689</b>
		Mapas	189	<b>76</b>
		Microformas	240	<b>172</b>
		Rexistros sonoros	3	<b>114</b>
		Vídeos e DVDs	509	<b>1.856</b>
		Cd-rom	1.458	<b>1.603</b>
<b>Uso e demanda de servizos</b>		Entradas á bibliotecas	2.376.223	<b>2.333.111</b>
		Préstamos	244.264	<b>370.452</b>
		Uso de recursos electrónicos:		
		Consultas a bases de datos	234.851	<b>265.669</b>
		E-Monografías consultadas	65	<b>3.530</b>
		E-Revistas (artigos descargados)	78.915	<b>88.315</b>
		E-Revistas: procuras en sumarios e índices	42.714	<b>51.528</b>
		Visitas á web	219.229	<b>521.041</b>
		Consultas ao catálogo	s/d	<b>1.356.000</b>
		Préstamo interbibliotecario:		
		Documentos solicitados pola UDC	3.613	<b>4.792</b>
		Peticóns á Biblioteca da UDC	777	<b>1.157</b>

## ► Rregistro, Documentación e Arquivo

O Servizo de Rregistro, Documentación e Arquivo da Universidade da Coruña é unha unidade dependente da Secretaría Xeral que naceu coa finalidade de dar un tratamento global ao proceso de entrada, tramitación e arquivo de documentación administrativa. Consta de dúas unidades diferenciadas: Rregistro Xeral e Centro de Documentación e Arquivo (CEDAR).

### ■ Rregistro Xeral

O Rregistro Xeral é a unidade encargada de tramitar os documentos dirixidos á Universidade da Coruña e de dar saída aos documentos emitidos por esta. Desenvolve ademais unha función de atención á cidadanía para a mellora do acceso aos servizos que presta á Universidade.

No ano 2006 creouse un novo acceso a este servizo desde a páxina web da Universidade (<http://www.udc.es/servizos/ga/Servicio.asp?Servicio=922>). Nel aparece o Regulamento do Rregistro Xeral da Universidade da Coruña.

Cadro 125  
Asentos do Rregistro Xeral en 2006

Asentos de entrada	16.921
Asentos de saída	17.018

O número total de consultas atendidas en 2006 foi de 3.873, das que 1.275 corresponden ao Rregistro auxiliar de Ferrol.

### ■ Centro de Documentación e Arquivo

O Centro de Documentación e Arquivo da Universidade da Coruña (CEDAR) é unha unidade especializada no tratamento e na xestión da documentación da universidade, na súa custodia e na accesibilidade aos membros da comunidade universitaria e á sociedade en xeral. Conta cun regulamento propio.

O CEDAR ten a súa sede no Edificio Xoana Capdevielle, no campus de Elviña, desde o 15 de maio de 2006. As instalacións contan con dous depósitos para a documentación xerada pola universidade, unha sala de consulta e atención ao público e os gabinetes para o persoal do centro.

Para facilitar o envío de documentación ao CEDAR aprobáronse en 2006 as Normas básicas de transferencia de documentación ao Centro de Documentación e Arquivo ([http://www.udc.es/reitoria/ga/secretariaxeral/documentos/rexistro/nb\\_transferencia.asp](http://www.udc.es/reitoria/ga/secretariaxeral/documentos/rexistro/nb_transferencia.asp)), por medio da Instrucción do secretario xeral de 19 de maio de 2006).

En 2006 adquiríronse 10.000 caixas de arquivo, de tamaño e características normalizadas, para remitíllas ás unidades produtoras de documentación. Con este mesmo fin, mercáronse 6.000 carpetas e subcarpetas de arquivo.

Co novo marco normativo en vigor, producíronse en 2006 as primeiras transferencias de documentación por parte de diferentes unidades administrativas.